

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 28 de novembro de 2019 polo que se somete ao trámite de información pública a separata para información pública do proxecto de construción Mellora de seguridade viaria (MSV) na estrada PO-542, puntos quilométricos (p.q.) 4+840-5+040, Pazos, de clave PO/19/054.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados.

Antecedentes:

Para os efectos previstos no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, sométese ao trámite de información pública o documento Mellora de seguridade viaria (MSV) na estrada PO-542, p.q. 4+840-5+040, Pazos, de clave PO/19/054.06.

O obxecto do proxecto, cuxo ámbito de actuación se desenvolve no concello de Pontevedra, é definir, xustificar e valorar as obras necesarias para a mellora da intersección actual en cruz da estrada autonómica coas estradas provinciais EP-0003 e EP-0004, no p.q. 4+900 da PO-542. Para isto proxéctase a execución dunha rotonda con dous carrís, de largo 4,00 m cada un, 30 m de diámetro exterior (incluídas beiravías) e beiravías interior e exterior de 1,00 m, coa finalidade de:

- Mellorar a actual intersección en cruce.
- Reducir o número de xiros á esquerda do treito comprendido entre os p.q. 4+700 ao 5+600.
- Acadar unha diminución da velocidade no treito de estudo.
- Reordenar o espazo público no treito comprendido entre os p.q. 4+840 e 5+040.

No proxecto tense en conta tamén o itinerario peonil e ciclista previsto nas inmediacións da rotonda proxectada (entre os p.q. 4+840 e 5+040), e que se recolle no proxecto construtivo Fomento da mobilidade sustentable. Senda na PO-542. Treito: Pazos. p.q. 4+700-5+600, de clave PO/16/263.06, á hora de coordinar as distintas actuacións que se recollen en ambos os proxectos.



Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia este documento sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.

Segundo. Simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. A exposición ao público, para os efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avda. M^a Victoria Moreno, 43-1º, 36071 Pontevedra), e no Concello de Pontevedra (Michelena, 36002 Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:

(https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/organizacion/c/CIV_Axencia_Galega_de_Infraestruturas), atópase á disposición dos interesados o documento de separata do proxecto de construción.

Santiago Compostela, 28 de novembro de 2019

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Proxecto de construción.

MSV na estrada PO-542, p.q. 4+840-5+040, Pazos.

Clave: PO/19/054.06.

Concello de Pontevedra:

Nº	Ref. catastral	Parcela	Polig.	Titular	NIF	Clas. NN SS	Uso catastral	Sit. bás. solo	Sup. catastral total	Sup. solo afectado	Sup. ocupación temporal	Bens afectados	Medición
001	36900A11100085	00085	111	Diz Veiga, Domingo Fco. Javier	***3509**	Solo de núcleo rural	Agrario	Urbanizado	1.855	27,95	0,00	Muro de pedra con peche de malla/postes de formigón+recuamento de portón metálico	23 ml+1ud
002	36900A09500078	00078	095	Martínez Malvar, Manuel	***3373**	Solo de núcleo rural	Agrario	Urbanizado	982	774,45	44,05	Viña +peche malla T. torsión/poste formigón+portón metálico+galpón+alpendre	250 m ² + 266 ml+ 1 ud+23,5 m ² +50 m ² +57 m ²
003	36900A09500080	00080	095	En investigación. Artigo 47 da Lei 33/2003	-	Solo non urbanizable común	Agrario	Rural	460	362,45	0,00	Peche malla T. torsión/poste formigón	36 ml
004	36900A09500082	00082	095	Pazos Portela, Divina	***2944**	Solo de núcleo rural	Agrario	Urbanizado	4.530	766,45	0,00	Viña+árbore ornamental de gran porte	500 m ² +7 ud
005	36900A09500081	00081	095	Pazos Portela, Emilia	***2944**	Solo de núcleo rural	Agrario	Urbanizado	7.234	96,11	0,00	Muro de pedra/cerca+portón peonil+portón metálico	10 m ² +1 ud +1 ud
006	36900A09500176	00176	095	González Otero, José	***1209**	Solo de núcleo rural	Agrario	Urbanizado	269	254,87	0,00	Viña+peche malla T. torsión	241 m ² + 84 ml
007	36900A09500099	00099	095	Sebastián Parada, Rafael Aparicio	***2482**	Solo de núcleo rural	Agrario	Urbanizado	150	160,07	0,00		
008	36900A09500098	00098	095	González Otero, José	***1209**	Solo de núcleo rural	Agrario	Urbanizado	3.458	267,45	126,03	Muro de pedra con peche de malla/postes de formigón+árbore ornamental de gran porte+muro de pedra+portón metálico	48 ml+ 1 ud+ 28 m ² +1 ud